




# MONTEFERRO

Adela Leiro, Mon Daporta  
setembro 2017



**Distancia:** 5 km (circular)  
**Dificultade:** media



Na costa de Nigrán, maiormente baixa e areosa, na que se atopan praias extensas e de recoñecida sona como Patos, Panxón e Praia América, chama a atención un outeiro rochoso e arborado que se mete no mar, o Monteferro, a súa ubicación xa desperta a curiosidade e convida a achegarse a coñecelo e ademais conta con varios camiños e carreiros que o fan posible tanto a pé como en bicicleta de todo terreo.

Por Monteferro pódese facer un percorrido sen gran dificultade, aínda que ten algunha subida algo forte e baixadas en pendente, porque hai un roteiro sinalado que pasa polos lugares máis destacados. Se o facemos no sentido das agullas do reloxo pasaremos polas Penisas Pequenas -un conxunto de gravados rupestres e muíños naviculares-, os miradoiros sobre as illas Estelas e as illas Cíes, ao pé dos restos da antiga batería costeira para a defensa da boca sur da ría de Vigo, baixaremos ao faro da punta da Meda logo ao puntal da Sera e á cova Xabel ata volvermos de novo ao pé das casas para completar a circunferencia, e xa no sitio non desaproveitaremos a ocasión de achegámonos ao cume no que se atopa o monumento desde onde repetiremos e completaremos as panorámicas da ría de Vigo, as costas de Nigrán e Baiona ata o Cabo Silleiro, as illas e o océano, con máis perspectiva e altitude.

No traxecto, duns 7 km, segundo o fagamos a pé ou en bicicleta, e o que nos demoremos en cada parada, temos aseguradas unhas horas lecer e coñecemento.

A maior parte do percorrido farémolo á sombra dos piñeiros e outras especies arbóreas alleas e invasoras como os eucaliptos e as acacias, aínda que nas zonas menos arboradas, nas beiras e nos cantís gozaremos dun vizoso mato autóctono de toxos, silvas, cabrinfolas, breixos, xesta mansa, troviscos, espárragos... e especies propias dos espazos verticais próximos ao mar como margaridas grandes, colexas, herba de namorar, perixel do mar... que na época axeitada unen ao verde a cor das súas flores.

E estando en Panxón non podemos deixar de facerlle unha visita á igrexa deseñada polo arquitecto Antonio Palacios. Unha xoia de armonía e do característico estilo do autor.



Illas Estelas desde a punta de San Bieito.



Punta Meda e Illas Cíes.




Cantís na Punta Meda.



Illas Cíes desde Monteferro.



Punta Meda .



Puntal da Sera



Mesturas de granitos e gneis



Coído



Petroglifos e muíños rupestres das Penisas Pequenas